

CAMPIONATO GALEGO DE NATACIÓN

ABSOLUTO OPEN, JÚNIOR E INFANTIL DE VERÁN

Piscina Rías do Sur, 50 metros, 10 pistas
Pontevedra, 19, 20, 21 e 22 de xullo de 2018

INSTRUCCIÓN TÉCNICAS

1.- Horarios das probas

Hora de comezo	Xoves 19	Venres 20	Sábado 21	Domingo 22
Sesión de mañá	9:30	9:30	9:30	9:30
Sesión de tarde	17:30	17:30	17:30	17:30

2.- Quecementos

Comezarán dúas horas antes do inicio das probas e finalizarán 10 minutos antes.

Durante os 30 últimos minutos as dúas pistas laterais (0 e 9) reservaranse para series rápidas (sprints).

Os nadadores evitarán agarrarse ás placas do crono electrónico e as liñas de boias.

Ao finalizar cada sesión os nadadores terán a piscina á súa disposición durante un período de 30 minutos.

3.- Piscina auxiliar

A piscina auxiliar de 25 metros estará dispoñible para os nadadores para o seu uso con fins **exclusivamente deportivos**, non estando permitido ningún tipo de xogo ou similares que perturben o normal desenvolvemento da competición.

Prégase a máxima colaboración para o seu correcto uso.

4.- Acreditación de delegado

Deberá facerse entrega da acreditación de delegado/a de clube no impreso oficial na Mesa da Secretaría de Competición cumprimentado na súa totalidade.

Tal e como se recolle na circular 17-04 tanto o adestrador como o delegado acreditado do clube deberá estar en posesión da súa correspondente licenzia federativa para a presente tempada.

5.- Baixas

As baixas deberán ser comunicadas por escrito como mínimo, media hora antes do inicio de cada sesión polo Delegado do Clube no impreso oficial facilitado pola Organización do Campionato cuberto na súa totalidade.

A ausencia da comunicación regulamentaria da baixa dun nadador suporá a súa baixa automática en todas aquelas probas que lle resten por nadar nesa sesión (sexan probas individuais ou de remudas).

As baixas de nadadores para as finais que se comuniquen no impreso oficial na sesión de mañá ata 15 minutos despois de finalizada a sesión, poderán ser completadas por nadadores reserva, e terán un custo 0. As baixas/non presentados nas finais, que se produzan na propia sesión, terán un custo de 10 euros, que se cargarán ó clube do nadador.

Para os nadadores reservas que entren nas finais, tamén haberá que entregar por parte do delegado do clube, o impreso oficial debidamente cumprimentado.

A presentación das baixas e altas nas finais, efectuarase na Secretaría da Competición.

6.- Remudas

As fichas das probas de remudas deberán ser entregadas no modelo facilitado pola FEGAN na Secretaría da Competición **30 minutos antes** do comezo de cada sesión coa fin de efectuar as comprobacións necesarias e introducir os datos dos participantes na base de datos.

Estas fichas deberán estar **debidamente cumprimentadas** prestando especial atención á orde de nado, número de licencia, identificación e ano de nacemento.

A FEGAN resérvase o dereito de non publicar os nomes dos nadadores da remuda que non cumpran estas instrucións.

7.- Reclamacións

Segundo o establecido no Regulamento Xeral da FEGAN (Libro IV das competicións), no seu artigo 11.

8.- Comisión de competición

Segundo o establecido no Regulamento Xeral da FEGAN (Libro IV das competicións), no seu artigo 2.

9.- Cámara de saídas

Os nadadores deberán presentarse na cámara de saída 10 minutos antes do inicio da súa proba.

10.- Desenvolvemento da competición

As series eliminatorias e contra o reloxo das sesións matinais, disputaranse en 10 pistas. As series finais e a última serie de probas contra o reloxo das sesións de tarde, así como as remudas, disputaranse en 8 pistas.

Nas series matinais, os nadadores deberán permanecer dentro da auga até que se produza a saída da seguinte serie, agás nas probas de costas e remudas. Unha vez efectuada a saída da seguinte serie, deberán abandonar a pía polos laterais á maior brevidade posible.

Nas probas de 800 m e 1500 m libre indicárase o número de longos que restan por percorrer no frontal da piscina e os derradeiros 100 metros sinaláranse con sinal acústica de campá.

Os nadadores evitarán subir por encima das placas abandonando a pía polas escaleiras laterais tanto nas probas individuais como nas remudas.

11.- Récorde e mellores marcas galegas idades

Anunciaranse por megafonía tódolos récorde e mellores marcas galegas no intre no que se produzan e figurarán nos resultados oficiais.

12.- Resultados no marcador electrónico

Os resultados que aparecen no marcador electrónico non se poderán considerar en ningún caso oficiais até que o xuíz árbitro dea o seu visto bo.

13.- Entrega de medallas

As entregas de medallas terán lugar nos intres recollidos nas propias series do Campionato. Os nadadores premiados serán chamados por megafonía para acudir ao lugar establecido para a entrega de premios.

É imprescindible a colaboración dos medallistas así como os seus adestradores e delegados para que a dinámica da competición sexa fluída.

Os medallistas deberán presentarse no podio co uniforme do seu club.

Non se poderá utilizar a piscina de competición durante as entregas de medallas e trofeos.

14.- Entrega de resultados

Ao termo de cada xornada a FEGAN pendurará na súa páxina web os resultados da mesma.

15.- Armarios

Todos os armarios deberán quedar baleiros ao remate da competición. Os armarios baleiraranse unha vez pechada a piscina.